CEIP San Martiño.
Vilariño de Conso
2010-2011

¡¡¡ O Portfolio chega a San Martiño !!!

Os alumnos recibiron con gañas e ilusión os seus primeiros portfolios…

CEIP San Martiño.
Vilariño de Conso
2010-2011

… e a continuación observaron todo o que neles viña… fixeron preguntas e explicouse para que se empregaría…



CEIP San Martiño.
Vilariño de Conso
2010-2011

ACTIVIDADE PORTFOLIO

TÍTULO: **Día de la Paz**--- **Día da Paz**--- **Peace Day**.

O día da Paz celebrouse no colexio a última semana de xaneiro. Traballouse con todos os alumnos conceptos relacionados con este día, en distintas linguas e os resultados foron os agardados. Unha moi boa participación por parte de todos e un enriquecemento do vocabulario relacionado co tema.

En primeiro lugar, os alumnos de 2º ciclo realizaron unha pescuda acerca do tema da paz e de posíbeis frases en distintos idiomas para realizar un mural e debuxos…

… e este foi o resultado final:

Os alumnos do 3º ciclo tamén realizaron varias búsquedas, tanto de información, como de cancións que logo se cantarían entre todos os alumnos do colexio. A canción seleccionada foi unha en inglés de John Lennon (*Imagine*), encargáronse de buscar a letra, entender todo o que dicía e aprendela para ese día.

Realizaron varios murais, entre eles os seguintes:

CEIP San Martiño.
Vilariño de Conso
2010-2011

Os alumnos de infantil aportaron o seu gran de area realizando pombas da Paz, recitando poemas en galego e axudando aos maiores nalgunhas actividades como recortar e pintar palabras…

Como última actividade, os alumnos fixeron unha serie de pequenos cadros plastificados, da palabra PAZ en distintos idiomas e con pombas e se colocaron por todo o colexio:

1º Recortaron palabras que sacaron de internet sobre a Paz.

2º Resgaron papeis en anacos de distintas cores e colocáronos xunto coas letras e pombas nas láminas da plastificadora.

CEIP San Martiño.
Vilariño de Conso
2010-2011

3º Finalmente colocáronse polo colexio, e este é o resultado:

Un saúdo enorme de parte de todo o colexio, e ata pronto.